



PLAN DIXITAL

[32013545 CPR
APOSTÓLICO
MERCEDARIO]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos
- 3.2. Indicadores e accións

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.Introdución

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CPR APOSTÓLICO MERCEDARIO

Dirección: Praza da Mercede 13-14. 32600 Verín. Ourense

Correo electrónico: cpr.apostolico.mercedario@edu.xunta.gal

Páxina web: www.mercedariosverin.com

Etapas educativas: Educación Secundaria Obligatoria (ESO.) 1º, 2º 3º e 4º

Número de alumnado e profesorado: 74 alumnos (11 en 1º, 15 en 2º, 24 en 3º e 24 en 4ª) e 9+1 profesores e orientadora

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro

- *Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro (que podemos extraer do Proxecto Educativo).*

O ENTORNO

O entorno semi-urbano do noso colexio é o correspondente a un distrito de clase media e, en parte, media-alta. Detectamos, sin embargo, que a influencia na educación dos nosos alumnos procede, non tanto do específico e estrito ámbito xeográfico e socioeconómico no que está situado o colexio, que non presenta un cadro de problemas específicos ou diferenciados de outros ambientes similares, canto do clima de valores, estilos de vida e vivencias sociais presentes na sociedade urbana.

Así pois, constátase que o sistema de valores desde o que pretende orientar a súa acción educativa o colexio, non só non é coincidente co sistema de valores promovido pola sociedade na que está inmerso, senón que, en moitos casos, é claramente diverxente, cando non contraposto.

A FAMILIA

O entorno semi-urbano do noso colexio é o correspondente a un distrito de clase media e, en parte, media-alta. Detectamos, sin embargo, que a influencia na educación dos nosos alumnos procede, non tanto do específico e estrito ámbito xeográfico e socioeconómico no que está situado o colexio, que non presenta un cadro de problemas específicos ou diferenciados de outros ambientes similares, canto do clima de valores, estilos de vida e vivencias sociais presentes na sociedade urbana. Así pois, constátase que o sistema de valores desde o que pretende orientar a súa acción educativa o colexio, non só non é coincidente co sistema de valores promovido pola sociedade na que está inmerso, senón que, en moitos casos, é claramente diverxente, cando non contraposto.

D) Unha das dificultades determinantes para alcanzar os fins educativas que se propón o colexio é a escasa identificación da familia cos valores que propón o modelo educativo do centro. E) Cada vez notamos máis as consecuencias no alumno de unha desestruturación familiar (familias monoparentais, separacións, etc.), que lles impide manter un equilibrio emocional e afectivo.

F) Apreciamos tamén unha falta de interés e información, cada vez maior, nos pais/mais de nosos alumnos, que se reflicte na escasa participación na vida do centro.

- *Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro.*

XESTIÓN DO CENTRO

A) A autoridade precisa para construír e manter a unión de ideais, para guiar e coordinar a acción educativa.

B) A entidade titular fomenta a comunión de todos os membros da comunidade educativa.

C) A coordinación como espazo de comunión, participación e acción:

- Espazo de comunión: unidos, na pluralidade, por un novo modo de ser e actuar na liña de liberación evanxélica.

- Espazo de participación: onde todos/as somos suxeitos activos da nosa historia persoal e colectiva. Onde todos/as somos protagonistas na tarefa educativa.

- Espazo de acción: un lugar onde poidamos proseguir a acción de Xesús que ofrece o mundo os sinais do seu Reino e da paz que está chegando. Lugar de accións educativas liberadoras.

● Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

ACTIVIDADES E SERVIZOS

Polo que respecta aos servizos complementarios, actividades complementarias e extraescolares o centro ten conciencia de rentabilizar ó máximo as súas disponibilidades. A labor de atención aos alumnos con necesidades especiais de aprendizaxe e, en xeral, a atención á diversidade, áreas ás que o colexio é especialmente sensible, estase levando a cabo dun xeito satisfactorio promovendo a inclusión e a normalización co profesorado de apoio adicado a actividades de reforzo polas tardes, con estos/as alumnos. Non obstante sempre son necesarios máis recursos humanos e materiais.

Por outra banda constatamos que se debe facer un maior uso de laboratorios e talleres, que están ben dotados, así como os novos dispositivos electrónicos dos que dispoñen os alumnos como ferramenta educativa e formativa, así coma profundizar no campo da orientación psicopedagóxica para poder ofertar opcións acordes cas demandas reais dos alumnos e coas necesidades da sociedade e adaptarnos aos plans formativos da LOMCE.

Os/as educadores/as do centro, cun bo nivel científico respecto ás materias ou áreas que imparten e con unha boa, pero mellorable, preparación pedagóxica e didáctica, tratan de proporcionar unha atención personalizada os seus alumnos (aspecto nuclear da nosa pedagogía e do noso proxecto educativo), tanto a través das súas correspondentes labores docentes ordinarias como a través da acción específica das titorías. O profesorado dispoñerá de medios para a súa formación permanente, tanto no ámbito persoal como no ámbito referido as finalidades do centro.

Entenden os/as educadores/as, non obstante, que no feito da calidade educativa incide de xeito especial e prioritaria o nivel de motivación que, coma profesionais, poidan acadar en el exercicio diario da súa labor. Tal motivación debería acadar a máxima identificación dos/as educadores/as coa misión evanxelizadora da nosa escola. Para elo, se advirte a necesidade de unha formación sistemática e continua e de unha maior implicación na vida do centro.

Por outra banda, maniféstase a necesidade de programar de xeito coordinado (tanto vertical coma horizontalmente) os ensinamentos e de incrementar o traballo en equipo co fin de acadar maior eficacia da acción educativa do centro e dotalo dun estilo propio. Así mesmo, detéctase a necesidade de empregar recursos que permitan integrar aos pais/nais nos procesos educativos dos seus fillos.

OBXECTIVOS

A NIVEL DE ALUMNOS

1.- Que interioricen progresivamente os valores de sociabilidade e cultiven as correspondentes actitudes de respecto, tolerancia, solidariedade comprometida, loita pola xustiza e liberdade responsable.

2.- Que vaian adquirindo progresivamente un alto nivel de autoestima, de autonomía persoal e de equilibrio emocional.

3.- Que a través dun proxecto de estudo, que supón esforzo e responsabilidade persoal, vaian mellorando, dun xeito progresivo, o nivel de coñecementos, destrezas intelectuais e instrumentais ó termo de cada curso, ciclo ou etapa.

A NIVEL DOCENTE

1.- Que intensifiquen a profundización e identificación cas finalidades educativas que emanan do Proxecto Educativo do Centro.

2.- Que incrementen o espírito e a práctica de traballo en equipo, de maneira que se leve a cabo unha programación, unha execución e unha avaliación coordinada e permanente das labores educativas.

3.- Potenciar a programación de plans sistemáticos de formación, de actualización e de profundización nas áreas prioritarias, segundos fins do centro e as necesidades de mellora deste.

A NIVEL DE PAIS/NAIS

1.- Potenciar a identificación da familia cos valores que propón o modelo educativo do centro, incidindo nun maior clima de esixencia e de esforzo ante o estudo.

2.- Crear máis espazos de encontro e colaboración entre pais/mais e profesores/as para armonizar as accións educativas; establecendo obxectivos comúns de actuación, estratexias mancomunadas e procedementos de avaliación.

3.- Intentar que valoren máis o que os seus fillos aprenden que as cualificacións, máis o esforzo que o éxito inmediato.

PAUTAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Os fins que persigue o Colexio Apostólico Mercedario e o modelo educativo que oferta á sociedade esixen, ineludiblemente, que os distintos membros e grupos (entidade titular, profesores/as, persoal non docente, alumnos, pais/mais ou titores legais dos alumnos) se configuren como comunidade educativa cristiá.

Esforzámonos por formar comunidade educativa de inspiración mercedaria. Só desde unha comunidade educativa se pode educar para o comunitario, de modo que se supere o illamento e o individualismo, egoísta e estéril, para o ben común, para a convivencia e a liberación-promoción das persoas.

Na comunidade educativa cada un, desde a súa función e responsabilidade, se esforza por asumir os valores que emanan do carisma mercedario: liberdade, xustiza, solidariedade, amor e verdade.

Procuramos que a comunidade educativa se desenvolva, na medida das nosas forzas e posibilidades, coa participación de todos/as, e en clima de “somos familia, colabora”. Para elo fomentaremos e promoveremos: unha boa información, a correspondabilidade, o traballo cooperativo, la comunicación explícita a reflexión sobre a nosa identidade mercedaria, a fin de que todos os membros da comunidade educativa a tomen como propia.

Por todo elo, ademais de asumir como propias as pautas e as estruturas prescritas polas Administracións Educativas, adoptaremos aquelas que consideremos máis adecuadas en orden a conformar dita comunidade.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

Artigo 111 bis. Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

1. O Ministerio de Educación e Formación Profesional establecerá, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os estándares que garantan a interoperabilidade entre os distintos sistemas de información utilizados no Sistema Educativo Español, no marco do Esquema Nacional de Interoperabilidade previsto no artigo 42 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos.

Para iso, identificaranse os tipos básicos de sistemas de información utilizados polas Administracións educativas, tanto para a xestión académica e administrativa como para o soporte á aprendizaxe, e determinaranse as especificacións técnicas básicas dos mesmos e os distintos niveis de compatibilidade e seguridade no tratamento dos datos que deben alcanzar. Dentro destas especificacións, consideraranse especialmente relevantes as definicións dos protocolos e formatos para o intercambio de datos entre sistemas de información das Administracións educativas.

Estas medidas tamén irán encamiñadas a potenciar e a facilitar o aproveitamento dos rexistros administrativos no marco das estatísticas educativas estatais, para posibilitar a ampliación da información estatística referida ao alumnado, o profesorado, os centros e as xestións educativas, o que redundará na mellora das ferramentas de análises e de seguimento da actividade educativa e das medidas de mellora da calidade do Sistema Educativo Español.

No marco da implantación das citadas medidas, dentro dos sistemas de información propios da xestión académica e administrativa regularase un número identificativo para cada alumno ou alumna, a fin de facilitar o intercambio da información relevante, o seguimento das traxectorias educativas individualizadas, incluíndo as medidas educativas que no seu caso se puideron aplicar, e atender demandas da estatística estatal e internacional e das estratexias europeas para os sistemas de educación e formación. En calquera caso, dita regulación atenderá á normativa relativa á privacidade e protección de datos persoais.

2. Os contornos virtuais de aprendizaxe que se empreguen en los centros docentes sostidos con fondos públicos facilitarán la aplicación de planes educativos específicos diseñados por os docentes para a consecución de obxectivos concretos do currículo, y deberán contribuir a extensión do concepto de aula no tempo e no espazo. Por elo deberán, respectando os estándares de interoperabilidade, permitir aos alumnos e alumnas o acceso, desde calquera sitio y en calquera momento, aos contornos de aprendizaxe disponibles nos centros docentes nos que estuden, con pleno respecto ao disposto na normativa aplicable en materia de propiedade intelectual, privacidade e protección de datos personais. Así mesmo promoverán os principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas, tanto en formatos e contidos como en ferramentas e contornos virtuais de aprendizaxe.

3. O Ministerio de Educación e Formación Profesional impulsará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, a compatibilidade dos formatos que poidan ser soportados polas ferramentas e contornos virtuais de aprendizaxe no ámbito dos contidos educativos dixitais públicos, co obxecto de facilitar o seu uso con independencia da plataforma tecnolóxica na que se alberguen.

4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso a toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas Administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido. Os recursos deberán ser seleccionados de acordo con parámetros de calidade metodolóxica, adopción de estándares abertos e dispoñibilidade de fontes que faciliten a súa difusión, adaptación, reutilización e redistribución e serán recoñecidos como tales.

5. As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización do TIC, con especial atención ás

situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

6.O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

7. As Administracións públicas velarán polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións. En todo caso, as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e os recursos didácticos que se empreguen, axustaranse á normativa reguladora dos servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, concienciando no respecto dos dereitos de terceiros.

Artigo 121. Proxecto educativo.

1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientado ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sustentable, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.»

2. Devandito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características da contorna social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais da contorna. O proxecto recollerá, polo menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción tutorial, os plans de convivencia e de lectura e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recolleitos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade particularmente de mulleres e homes.»

2 bis. Os centros adoptarán as medidas necesarias para compensar as carencias que puidesen existir na competencia en comunicación lingüística, en lingua castelá e no seu caso nas linguas cooficiais, tomando como referencia a análise realizada previamente e incluíndo devandita análise e tales medidas no seu proxecto educativo.

As Administracións educativas adoptarán as iniciativas necesarias para facilitar aos centros a aplicación de dicha medidas.» 2 ter. O proxecto educativo incorporará un plan de mellora, que se revisará periodicamente, no que, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, expóñanse as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e a contorna.»

3. No marco do establecido polas Administracións educativas, os centros establecerán os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos con obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, corresponde ás Administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan ás distintas necesidades dos alumnos e alumnas e do profesorado.

4. Corresponde ás Administracións educativas favorecer a coordinación entre os proxectos educativos dos centros de educación primaria e os de educación secundaria obrigatoria con obxecto de que a incorporación dos alumnos á educación secundaria sexa gradual e positiva.

5. Os centros promoverán compromisos educativos entre as familias ou titores legais e o

propio centro nos que se consignen as actividades que pais, profesores e alumnos comprométense a desenvolver para mellorar o rendemento académico do alumnado.

6. O proxecto educativo dos centros privados concertados, que en todo caso deberá facerse público, será disposto polo seu respectivo titular e incorporará o carácter propio ao que se refire o artigo 115 desta Lei.

Artigo 132. Competencias do director ou directora. Son competencias do director ou directora:

a) Ostentar a representación do centro, representar á Administración educativa no mesmo e facerlle chegar a esta as formulacións, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.

b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Claustro do profesorado e ao Consello Escolar.

c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro.

d) Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.

e) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.

f) Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impor as medidas correctoras que correspondan aos alumnos e alumnas, en cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar no artigo 127 desta Lei. A tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.

g) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro coa contorna, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos e alumnas.

h) Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.

i) Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do Consello Escolar e do Claustro do profesorado do centro e executar os acordos adoptados, no ámbito das súas competencias.

j) Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como autorizar os gastos de acordo co orzamento do centro, ordenar os pagos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo iso de acordo co que establezan as Administracións educativas.

k) Propor á Administración educativa o nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo, previa información ao Claustro do profesorado e ao Consello Escolar do centro.

l) Promover experimentacións, innovacións pedagóxicas, programas educativos, plans de traballo, formas de organización, normas de convivencia, ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de áreas ou materias, de acordo co recolleito no artigo 120.4.

m) Fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

n) Deseñar a planificación e organización docente do centro, recollida na programación xeral anual.

ñ) Calquera outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa.

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Descrición da organización e do proceso de elaboración do PD dentro do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

O Plan Dixital foi elaborado por un grupo de docentes que representa o 20% do total do profesorado (dirección e departamento de Tecnoloxía)

Para elo seguíronse as pautas marcadas polo coordinador da zona

2. Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

- *Análise da situación do centro en relación coas tecnoloxías dixitais: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa,*

O inicio carecíamos dunha infraestrutura acorde coas necesidades que o Plan Dixital precisaba pero, coa implantación, perante o curso, da Fibra Óptica no centro, conseguimos o mínimo necesario para acadar os fins establecidos

- *Descrición xeral acerca das infraestruturas, dotacións tecnolóxicas (ordenadores, pantallas,...), conectividade (Wifi, rede,...), plataformas e servizos dixitais (Aula virtual, Ageiro, Abalarmóbil,...) (Xeral)*

Coa fibra óptica implantada conseguimos unha boa conectividade en todas as aulas, en rede e wifi.

Dispomos de 25 portátiles dos cales 12, mais ou menos, funcionan correctamente

Este ano instalouse a Aula Virtual, inda que o seu uso foi menor do esperado

Dispomos de 4 encerados dixitais, unha por aula, e catro proxectores

- *Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC.*

Dispomos, lóxicamente, de protección de datos

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- **Autoavaliación SELFIE:** *Pode ser interesante incluír a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa empregando a seguinte táboa:*

ÁREAS	GRUPOS	ENSINANZAS				
		Primaria	E.S.O.	Bac.	F.P.	Post sec.
A. Liderado	👤 Equipo Directivo		3,8			
	👤 Profesorado		3,5			
	👤 Alumnado					
B. Colaboración e redes	👤 Equipo Directivo		3,4			
	👤 Profesorado		3,1			
	👤 Alumnado		3			
C. Infraestruturas e equipos	👤 Equipo Directivo		3,8			
	👤 Profesorado		3,4			
	👤 Alumnado		2,6			
D. Desenvolvemento profesional continuo	👤 Equipo Directivo		3,7			
	👤 Profesorado		2,8			
	👤 Alumnado					
E. Pedagogía: Apoios e recursos	👤 Equipo Directivo		3,5			
	👤 Profesorado		3,8			
	👤 Alumnado		3,8			
F. Pedagogía: Implementación na aula	👤 Equipo Directivo		3,7			
	👤 Profesorado		3,4			
	👤 Alumnado		3			
G. Prácticas de avaliación	👤 Equipo Directivo		3,3			
	👤 Profesorado		2,9			
	👤 Alumnado		2,5			
H. Competencias dixitais do alumnado	👤 Equipo Directivo		3,5			
	👤 Profesorado		3,1			
	👤 Alumnado		2,7			

• **Test CDD:** Valorar a posibilidade de incluír a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén pode interesar reflectir o recollido na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

Participación segundo perfil do profesorado (Táboa 1.3. do informe grupal do Test CDD)

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	9	100%
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

Puntuación e nivel de competencia do centro (Táboa 2.1. do informe grupal do Test CDD)

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
54,8	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas (Táboa 2.2. do informe grupal do Test CDD)

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
E.P.				
ESO	54,8	Explorador/a (A2)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC				
F.P.				

Distribución do profesorado por niveis (Táboa 2.3. do informe grupal do Test CDD)

	Total profesorado no nivel de competencia	% profesorado participante neste nivel
A1		
A2	Explorador	88,9
B1	Integrador	11,1
B2		
C1		
C2		
TOTAL		

• **Outras fontes:** Incluír a información doutras fontes empregadas para a análise DAFO.

Análise cuantitativa

Área	A. Liderado.	Puntuación de referencia	3,65			
Aspecto		Puntuación	D	F	A	O
Estratexia dixital		3,15	X			
Desenrolo da estratexia co profesorado		3,20	X			
Novas modalidades de ensinanza		4,40		X		
Tempo para explorar a ensinanza dixital		4,00	X			

Área	B. Colaboración e redes.	Puntuación de referencia			3,17	
Aspecto		Puntuación	D	F	A	O
Colaboracións		3,25		X		X

Área	C. Infraestruturas e equipos	Puntuación de referencia				3,27
Aspecto	Puntuación	D	F	A	O	
Dispositivos dixitais para a ensinanza (5/4,1)	4,55		X			
Acceso a internet (3/4,3/2,4)	3,23	X				
Asistencia técnica (5/3,7/3,2)	3,97		X			
Dispositivos dixitais para o aprendizaxe (4/3,7/2,9)	3,53	X		X		
Dispositivos para o alumnado (4,5/2,6/1,7)	2,93			X		
Brecha dixital: medidas (4/3)	3,50	X		X		
Brecha dixital: apoios (3,5/2,9)	3,20	X		X		
Traer o dispositivo propio (3,5/2,8/1,8)	2,76	X		X		
Espazo físico	3,00	X				
Tecnoloxías asistenciais	2,80	X				

Área	D. Desenvolvemento profesional continuo	Puntuación de referencia				3,25
Aspecto	Puntuación	D	F	A	O	
Necesidades de DPC (4,5/2,6)	3,55	X		X		
Participación no DPC	2,90	X		X		

Área	E. Pedagogía: apoios e recursos.	Puntuación de referencia				3,70
Aspecto	Puntuación	D	F	A	O	
Recursos en liña	4,15		X			
Creación de recursos dixitais (3/4,1)	3,55		X			
Emprego contornos virtuais de aprendizaxe (3/3,3/3,8)	3,37	X				
Comunicación coa comunidade educativa (4,5/3,9)	4,20		X			
Recursos educativos abertos (3/3,4)	3,20	X				

Área	F. Pedagogía: Implementación na aula.	Puntuación de referencia					3,37
Aspecto	Puntuación	D	F	A	O		
Fomento da creatividade (3,5/3,6/2,9)	3,33		X				
Implicación do alumnado (4,5/3,4/3,8)	3,90		X				
Colaboración do alumnado (4/2,9/2,6)	3,17	X					
Proxectos interdisciplinares (3/3,2/2,7)	2,97	X					

Área	G. Prácticas de avaliación.	Puntuación de referencia					2,90
Aspecto	Puntuación	D	F	A	O		
Retroalimentación adecuada (3,5/3,1/2,5)	2,97		X				
Autorreflexión sobre a aprendizaxe (3/2,9/2,5)	2,80	X					
Comentarios sobre o seu traballo (3,5/2,7/2,2)	2,80	X					
Avaliación dixital (3,5/2,8)	3,15		X				
Emprego de datos para mellorar aprendizaxe (3,5/2,8)	3,15		X				

Área	H. Competencias dixitais do alumnado.	Puntuación de referencia					3,10
Aspecto	Puntuación	D	F	A	O		
Comportamento seguro (3/3,7/3,1)	3,27		X				
Verificar a calidade da información (4,5/3,3/3,1)	3,63		X				
Recoñecemento ao traballo dos demais (4/3,1/2,6)	3,23	X					
Aprender a comunicarse (5/3,3/2,6)	3,63	X					
Aprender a codificar ou programar (1/2/1,9)	1,63	X					
Resolver problemas técnicos (3/2,6/2,4)	2,67	X					

2.3. Análise DAFO

[Recomendacións para este apartado]: A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que é de utilidade para a análise de situación e para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital. Recoller na seguintes táboas os ítems finalmente incluídos en cada categoría, facendo referencia aos códigos do informe SELFIE que se relacionen con cada ítem (de ser o caso).

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
GO	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1. Dispositivos dixitais para a ensinanza C3. Asistencia técnica	C2. Acceso a internet C4. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe C6. Brecha dixital. Medidas C7. Brecha dixital. Apoios C9. Espazo físico C10. Tecnoloxías asistenciais
	PERSOAL DOCENTE	F1. Fomento da creatividade G1. Retroalimentación adecuada G4. Avaliación dixital G5. Emprego de datos para mellorar aprendizaxe	A1. Estratexia dixital A2. Desenrolo da estratexia co profesorado D1. Necesidades de DPC D2. Participación no DPC
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO		

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
GO	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

- Establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas áreas do DigCompOrg.

- *Concretar ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.*

- *Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.*

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

“Área/s de mellora”: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS (E)							
1. OBXECTIVO (1):		PROMOVER O USO DA AULA VIRTUAL POR PARTE DO ALUMNADO				Acadado	
RESPONSA-BLE:		DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		1. <25% 2. 25%<X<50% 3. 50%<X75% 4. >75%					
Valor de partida (3)		0%					
Valor previsto e data (4)		70% actividades realizadas co alumnado na aula virtual por cada docente implicado			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA FIN (7)	PREVISTA	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
					VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Creación de cursos e matriculación do profesorado e o alumnado na Aula Virtual do centro	Equipo directivo	30/10/2022		Aula Virtual		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Publicación das actividades nos cursos correspondentes da AV do centro	Equipo docente	31/03/2023		Aula Virtual		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.3: Traballo co alumnado nas actividades creadas	Equipo docente	30/06/2023		Actividades publicadas na aula virtual		Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora ²⁹ : LIDERADO (A)							
2. OBXECTIVO (1):		IMPLANTAR O USO DE FERRAMENTAS DIXITAIS COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN				Acadado	
RESPONSA-BLE:		EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)		1. <25% 2. 25%<X<50% 3. 50%<X<75% 4. >75%					
Valor de partida (3)		0%					
Valor previsto e data (4)		70% actividades realizadas co alumnado na aula virtual por cada docente implicado				30/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO2.1: Reunión coas familias para dan a coñecer as ferramentas Abalar Móbil	Equipo directivo	30/09/2022	Convocatoria e Abalar Móbil		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Implantación da ferramenta	Titores do equipo docente	Primeiro trimestre	Abalar Móbil e Abalar Pro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Envío de notificacións a través da	Equipo docente	Segundo trimestre	Abalar Móbil e Abalar Pro		Realizada		
					Aprazada		

ferramenta					Pendente	
------------	--	--	--	--	----------	--

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación co grao de consecución de obxectivos nos seguintes contextos:

- No contexto da **avaliación procesual**:

- A frecuencia da súa realización será *bimensual ou trimestral, dependendo da avaliación (1ª, 2ª ou 3ª) como consecuencia do calendario.*
- Os aspectos a valorar serán:
 - . *o estado da execución das accións*
 - . *a análise e valoración dos resultados*
 - . *as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora (se procede)*

- No contexto da **avaliación final** mediante os correspondentes instrumentos,

- A frecuencia da súa realización será *anual*
- Os aspectos a valorar,
 - . *logro dos obxectivos*
 - . *propostas de mellora*

5. Difusión do plan

A través da páxina web

Mediante o contacto directo coas familias:

- _ *Na presentación do curso reunión xeral con todos os pais/nais/titores legais*
- _ *Charla do titor de cada curso na aula correspondente, coas familias*